

## Un lustro con non pouco lastre

Na vindeira primavera a Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga cumprirá un lustro de presenza continuada en Internet. No seu día, decidimos aproveitar o uso cada vez máis frecuente deste novo medio de comunicación, non só como vehículo para novas formas de difusión do Castro de Viladonga, senón tamén, cunha estreita colaboración co Museo, como unha eficaz ferramenta que servira de soporte a contidos de divulgación arqueolóxica e histórica, dirixidos tanto ó público en xeral como a eruditos e investigadores e, por suposto, a profesores e estudantes.

Se, volvendo a vista atrás, dixésemos soamente que estamos satisfeitos cos resultados obtidos, quizais non reflectiríamos axeitadamente a nosa sensación real, logo de comprobarmos a boa acollida que tivo esta iniciativa. Ademais, hai que ter en conta que, dada a velocidade á que se producen os cambios neste mundo “virtual” e nas denominadas novas tecnoloxías da información, poderíamos lembrar da teoría da relatividade de Albert Einstein e afirmar que a sensación real é que este lustro de presenza na Rede é abondo superior a cinco anos.

Pero se nos atemos ó que chamariamos práctica da realidade, logo nos percatamos de que hai algo que parece impedirnos disfrutar plenamente desta experiencia. É evidente que, nesta andaina, cargamos cunha serie de lastres que eivan a nosa adaptación a este ritmo acelerado de cambios, lastres que poden ser considerados consubstanciais a

unha organización sen ánimo de lucro e dunha entidade relativamente limitada como é a nosa Asociación. É verdade que, ó tempo que fomos perfilando o noso labor, nos aventuramos en novos proxectos, pero non é menos certo que moitos outros nin siquiera chegamos a consideralos realizables a medio ou longo prazo, como é a posibilidade de vender e distribuir por Internet os diversos produtos e materiais de difusión, da Asociación e mesmo do propio Museo.

A publicidade do Castro de Viladonga en Internet estimula e incentiva a visita ó xacemento e ó Museo, e provoca nalgúns a necesidade de recibiren unha maior información sobre este conxunto, segundo se pode ver nos moitos correos electrónicos recibidos nos que se solicitan publicacións sobre Viladonga. No caso de asociacións, centros de ensino, universidades e outras entidades sociais e culturais, a Aso-

ciación e o Museo distribúen gratuitamente diversos materiais como medio de intercambio, fundamentalmente bibliográfico, co que se incrementan notablemente os fondos da biblioteca do centro. É esta unha actividade que xa se realizaba sen ter que recorrer ás novas tecnoloxías, pero non hai dúbida que estas facilitan e promoven numerosos contactos neste sentido. En cambio, non podemos atender, como sería o noso desexo, as relativamente frecuentes peticións de particulares interesados tanto en adquirir os distintos produtos de difusión como as mesmas publicacións, e especialmente entre elas, a Guía do Castro e do Museo.

Ó afrontarmos esta eiva, resultanos difícil atopar posibles alternativas. Tampouco non nos axuda en nada ó respecto a que é, cremos, unha inadecuada e insuficiente política de distribución das publicacións da Xunta de Galicia, tanto de difusión cultural como de investigación



O Castro de Viladonga no escaparate da Galería Sargadelos de Lugo.

científica. Entendemos que son poucas as excusas que poidan xustificar as escasas publicacións oficiais que sobre o patrimonio cultural galego existen nas diferentes librerías que se atopan na Rede, sobre todo tendo en conta que o uso de Internet xa está integrándose plenamente a nivel oficial, empresarial ou particular, e que os libros levan xa moito tempo consolidados no mundo da Internet como un dos produtos estelares do chamado comercio electrónico.

Pesia a todo, recentemente sorprendenos o descubrimento dunha web de e-comercio ubicada en dominios de Estados Unidos (<http://www.netstoreusa.com>) e máis de Australia (<http://www.NetStore.com.au>) na que, quizais por arte de maxia ou da globalización que nos invade, se pode adquirir aquela Guía do Museo do Castro de Viladonga. Podemos supoñer, ¿por que non?, que este “milagre telemático” se poido producir logo dun simple encargo realizado a esta empresa (por certo,

abondo eficiente no seu cometido, como queda comprobado) por un/unha estadounidense que, logo de visitar a nosa web, observou, con disgusto, que non podiamos facilitarlle a adquisición da devandita publicación.

Magoadamente, ó accedermos ó sitio web no que se ofrecen máis datos sobre aquel pedido, (<http://netstoreusa.com/libros/1110/9788/9788445316979.shtml>), comprobamos que se alguén desde, por exemplo, Tui, Muros ou Tarragona, ou tamén desde Oslo, París ou Nápoles, estivese interesado en realizar aquela mesma compra tería que pagar cinco veces máis o seu prezo oficial en España (sen incluír os custes de envío), a diferenza de calquera habitante dos EE.UU., ós que só se lles aplica unha taxa triple ó daquel prezo oficial. Pero hai que auto-consolarse, porque os antípodas teñen que pagar máis de 60 € en vez dos 6,01 € que custa na Recepción do Museo ou (¡se o encontra!, que esa é outra historia) en calquera librería galega.

Estamos diante dun claro exemplo de “discriminación económica” que non se pode xustificar, de seu, como unha consecuencia da aplicación das novas tecnoloxías. Verificamos tristemente como, en vez do pesado lastre de que falabamos ó comezo, se tira pola borda a correcta política de prezos que a Xunta de Galicia aplica ás súas publicacións (que pagamos todos, por certo), mentres se fai destacar a moi incorrecta política de distribución. Pero se isto ocorre cun só exemplar do seu catálogo, que se podería dicir, por exemplo, dos diferentes informes e memorias oficiais de traballos arqueolóxicos realizados en Galicia: publicacións practicamente paralizadas desde hai anos e, as que existen, quizais apodrecendo nos almacéns e sotos de distintos edificios autonómicos e de varias distribuidoras libreiras. Aquí viría máis a conto outro titular para este Editorial: **“Non poucos lustros cun moi pesado lastre”**.